
PLAN DE CONVIVENCIA



E.E.I. dos Ánxeles.Brión.

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN	2
2. MARCO NORMATIVO.....	3
3. O CENTRO.....	4
4. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	6
5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	7
6. PRINCIPIOS BÁSICOS NOS QUE SE BASEA O PLAN DE CONVIVENCIA.	9
7. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	11
8. MEDIDAS CORRECTORAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	13
9. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.....	14
10. CONCRECIÓN DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E DO CIBERACOSO	16
11. ACTIVIDADES.....	17
12. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	18
13. A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	23

1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

Á escola é un dos grandes axentes básicos para o proceso de socialización: transmite os valores maioritarios das distintas culturas. Esta transmisión concrétese nas actitudes, pensamentos e normas ético-morais.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O punto de partida para a elaboración do Plan de Convivencia de Centro debe ser a clarificación de conceptos: **violencia, agresividade, disciplina e convivir**.

A violencia é unha conduta de descarga física da agresividade, co fin explícito de danar ou destruír ao obxecto do conflito.

A agresividade é unha emoción, un estado psicofísico asociado a outros estados naturais como o odio, o medo, a dor, a frustración, o rancor, a envexa... Trátase dun estado interno do organismo derivado dun determinado conflito co exterior.

A disciplina fai referencia ao respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, sexa na aula, no centro ou en calquera organización social ou actividade.

Convivir, é algo que se aprende interactuando, fomentado as boas relacións interpersoais, o autoconhecimento, a autoestima, a autopacificación crítica, desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades.

A educación para a convivencia debe proporcionar aos membros da comunidade educativa uns coñecementos e hábitos para vivir de forma digna nun contexto gratificante, na que existirán conflitos, pero o importante é poder resolvelos de xeito non violento.

A finalidade última deste Plan de Convivencia é seguir un desenvolvemento integral e harmónico dos nenos e nenas que lles permita dar resposta ás necesidades e situacións de carácter persoal, educativo e profesional que se van atopando ao longo da súa vida. É dicir, colaborar na consecución das Competencias Clave, sobre todo as competencias sociais e cívicas.

As **Competencias Sociais e Cívicas** van permitir comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á

construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

2. MARCO NORMATIVO

- Constitución Española de 1978.
- Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación; modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei do axuízamento civil.
- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orientacións “Plan de Convivencia” da Xunta de Galicia.
- Proxecto Educativo.
- Plan de Acción Titorial.
- Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.
- Programación Xeral Anual.

3. O CENTRO

3.1. Situación Xeográfica e Socioeconómica.

A **E.E.I. dos Ánxeles** escolariza nenos e nenas de 2º ciclo de educación infantil. Está situada no Concello de Brión, na parte occidental da Comunidade Galega, lindando coa capital de Galicia; e pertencente á comarca de Santiago de Compostela. O concello conta cun censo de 7700 habitantes, polo que é un concello mediano en canto á poboación. Tendo en conta o censo de poboación pódese dicir que a oferta cultural e de ocio do concello é boa. Aínda que no propio concello non hai moita industria si que a hai na comarca.

A situación cultural, en xeral, é media. A maioría dos pais e nais do alumnado son xente con estudos. A maioría das familias participan nas actividades que se levan a cabo por parte da escola ou da ANPA.

En canto ás familias, a maioría do alumnado vive en urbanizacións situadas preto da Escola e, outra parte máis pequena en núcleos rurais e semiurbanos. O número de alumnos/as orixenarios de Brión é cada vez menor comparado cos que o elixen como residencia nos últimos anos.

O nivel sociocultural das familias é moi variado, o que aporta moita riqueza e variedade á hora de traballar e a súa participación bastante satisfactoria.

Os alumnos e alumnas acoden á Escola cos seus familiares cos que temos unha comunicación practicamente diaria.

A lingua maioritaria é o galego, aínda que tamén hai unha porcentaxe elevada de alumnado castelán falante.

3.2. As dependencias do centro.

O edificio principal conta coa seguinte distribución:

PLANTA BAIXA: nela están situadas dúas aulas cos seus respectivos baños.

SEGUNDO ANDAR: aquí hai unha aula con baños, dirección, a aula de inglés, a de pedagogía terapéutica, aseos e dúas aulas para uso do comedor escolar e do servizo de madrugadores.

3.3. Os recursos persoais.

En canto ós recursos persoais compre indicar que son os regulados na Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

Deste modo, o centro conta con tres unidades de educación infantil con agrupamentos mixtos.

Tendo en conta isto, o cadro de profesorado está formado por tres titores/as, unha mestra de inglés itinerante, unha de relixión itinerante, unha mestra de audición e linguaxe(este curso como está en comisión de servizos a praza está ocupada por unha mestra de pedagogía terapéutica) e unha profesora de apoio que ademais realiza as funcións de dirección.

3.4. O Alumnado.

No centro están matriculados un total de 67 alumnos/as repartidos da seguinte forma:

Ciclo	Grupo	Nº alumnado
Infantil	Infantil 3	18
	Infantil 4	23
	Infantil 5	26

4. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

En xeral, podemos dicir que o clima do Centro é positivo. O sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa (mestres/as, alumnos/as, ANPA, familias) como entre eles (mestres/as - alumnos/as, mestres/as - mestres/as, familias - mestres/as, mestres/as - ANPA e familias - ANPA), é correcto e respectuoso.

Podemos manifestar que:

- As relacións entre as familias dos nenos/as que asisten ao centro e os mestres/as, titores/as e equipo directivo, en xeral, é boa. Ademais, a colaboración destas na vida social do centro é normal, tirando a alta. Cada curso na Programación Xeral Anual, prográmanse diferentes actividades para que as familias poidan participar.
Ata o curso 2016-2017 unha vez ao trimestres realizabamos unha “Escola de Pais/Nais”, na que se propoñía un tema, se enviaba ás familias información de diferentes autores, artigos ás familias para que puideran formarse e o día da charla poñíanse en común as ideas, inquedanzas, dúbidas, opinións... Debido á pouca participación deixáronse de facer estes encontros “Familia-Escola”, pero non se descarta volver a retomalos se hai unha demanda por parte das familias.
- No referente ás relacións entre mestres/as e alumnado, dunha maneira global, podemos dicir que é boa; ao igual que a que existe entre os distintos mestres/as que traballan no centro.

A pesar de que o clima da escola é bo, hai que ter en conta que a educación é un acto colectivo, no que se establecen relacións e ás veces poden xurdir problemas. Os escasos e pequenos conflitos que temos acostumamos a resolvelos falando.

Os conflitos máis frecuentes son:

- Interrupción na aula: falar a destempo.
- Pelexas no patio por sacarlle os xoguetes uns a outros.
- Emprego de vocabulario mal sonante.

Pensamos que as principais causas polo que isto ocorre son:

- impulsividade.
- Imitación de roles.

Temos que salientar que nos últimos meses estamos tendo certos problemas con algún alumnado, pero son debidas a que é alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. Neste caso, dende o noso punto de vista estes problemas non os enmarcados en conflitos de actuación de convivencia senón que son debidos a trastornos e deben tratarse dende un punto de vista educativo atendendo á diversidade. É verdade, que estes conflitos co alumnado con NEAE, repercuten na convivencia co resto de alumnado, xa que os agreden, interrompen o ritmo normal da aula e á veces prodúcese imitación por parte dalgún compañeiro/a.

Para resolver estes problemas dende o centro poñemos en marcha diversas estratexias:

- reunións entre o profesorado do centro.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Formación do profesorado neste tema, solicitando este curso un PFPP de “Atención ao alumnado con TEA”.
- Exercendo a acción titorial, cada titor/a co seu grupo-clase. Este punto é o máis importante de todos, xa que os titores/as son quen mellor coñecen ó seu alumnado e lle poden facilitar técnicas e normas de convivencia.

5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lai 4/2011, do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu artigo 6 especifica que a comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar e terá carácter consultivo. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro. Será presidida pola persoa titular do centro. Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia.

Na nosa escola a comisión está formada por:

- A directora do centro.
- Dous representantes de profesorado.
- Un representante de nais e pais.
- Un representante da ANPA.

As reunións da comisión de convivencia procuraranse celebrar en sesión ordinaria, a primeira do curso no mes de outubro, a segunda no mes de xaneiro e a última no mes de xuño. Extraordinariamente realizaranse todas as que sexan necesarias.

As funcións da comisión de convivencia que recolle o Decreto 8/2015 son:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas para garantir os dereitos de todo os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia.

Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

6. PRINCIPIOS BÁSICOS NOS QUE SE BASEA O PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia do noso centro ten como obxecto promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, tendo en conta os seguintes **principios básicos**:

- Desenvolvendo **relacións axeitadas** entre todos os compoñentes da nosa comunidade educativa.
- Favorecendo a **resolución pacífica e educativa** dos conflitos que se presenten.
- Priorizando **actuacións preventivas** destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa. Empregando o Plan de Acción Titorial, os Boletíns Informativos para as Familias, e as accións para a súa divulgación e interiorización.
- Implicando a **todos os sectores da comunidade educativa** na difusión, coñecemento, aplicación e seguimento do Plan de Convivencia, co fin de evitar incoherencias nas actuacións para reforzar condutas positivas.

Estes principios básicos concrétanse nos seguintes obxectivos específicos:

- Mellorar o ambiente do centro fomentando a participación, o respecto, a colaboración, a sensibilización, e cimentando as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade, e a interiorización das normas de convivencia.
- Crear un entorno escolar caracterizado pola cordialidade, interese positivo, e a implicación dos adultos.
- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
- Potenciar o papel da autoridade que debe recaer no adulto.

- Encauzar a resolución de conflitos mediante técnicas de mediación; priorizando a súa resolución mediante a negociación, e o esforzo conxunto do profesorado e o alumnado.
- Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima da aula para evitar a conflictividade e diminuír as condutas máis graves.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todo o profesorado, evitando contradicións que desorienten ao alumnado, e establecendo límites claros da conduta inaceptable.
- Actuar ante os conflitos actuais de forma proactiva, é dicir, como medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.

As actitudes que se pretenden favorecer con este Plan son:

1. Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas orientadas ao desenvolvemento dos currículos.
2. Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.
3. Asistir a clase con puntualidade.
4. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
5. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de convivencia no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
6. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais.
7. Respectar a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
8. Non discriminar ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
9. Coñecer e apreciar as normas de organización, os valores e normas de convivencia e disciplina do centro educativo, aprendendo a comportarse de acordo con elas.
10. Conservar e facer bo uso das instalacións do centro e dos materiais didácticos e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.

7. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, clasifica as condutas contrarias á convivencia en:

- condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- condutas leves contrarias á convivencia.

7.1. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, recolle as seguintes condutas:

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra so demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económico, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha disciplina grave.
- A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- a suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtraccións.
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

7.2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

- as condutas tipificadas como agresión, inxuria, ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- a falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

8. MEDIDAS CORRECTORAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As medidas que se apliquen faranse cun fin educativo e recuperador, procurando que melloren a convivencia no centro e que respecten os dereitos de todo o alumnado e comunidade educativa.

Á hora de impoñer as medidas terase en conta a idade do alumnado e as súas circunstancias.

8.1. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

Atendendo ao Decreto 8/2015, as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro (terá carácter excepcional).

8.2. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo..
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

9. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

9.1. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

- A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante o proceso conciliado ou o procedemento común.
- A dirección do centro decidirá a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
- Os pasos a seguir para a instrución do procedemento serán os que se recollen no Decreto 8/2015.
- A dirección do centro informará ao profesorado titor/a da alumna/o corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
- No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

9.2. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

A imposición destas medidas correctoras levaraaas a cabo:

- O profesorado da alumna/o, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 do Decreto 8/2015.
- A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do Decreto 8/2015.
- A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do Decreto 8/2015.
- A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como a comisión de convivencia do centro.
- As persoas proxenitoras ou representantes legais das alumnas ou alumnos ás/aos que se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015, poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas ratificará ou rectificará a medida correctora.
- A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 do Decreto 8/2015, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

O Departamento de Orientación poderá elaborar un Programa de Habilidades Sociais adaptado á idade do alumnado da nosa escola para levar a cabo en colaboración coas titoras/es e o demais profesorado do centro. Implicarase tamén ás familias no coñecemento e aplicación destes programas.

No caso de ser necesario crearase un “espazo- aula de convivencia inclusiva”, non estable, ao que se poderá levar ao alumnado no momento que presente condutas disruptivas ou momentos de “non control”, como o que presentan ás veces o alumnado TEA.

10. CONCRECIÓN DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E DO CIBERACOSO

O Acoso Escolar, tamén coñecido co término inglés Bullying, é calquera forma de maltrato psicolóxico, verbal ou físico producido entre estudantes de forma reiterada ao longo dun tempo determinado na aula, como a través das redes sociais, co nome específico de ciberacoso.

Estatisticamente, o tipo de violencia dominante é emocional e dáse maioritariamente na aula e nos patios escolares. Os protagonistas dos casos de acoso escolar soen ser nenos/as no proceso de entrada na adolescencia.

Pola idade do alumnado do noso centro, o ciberacoso non supón un problema, xa que non teñen acceso ás redes sociais, e o acoso escolar non é habitual, máis ben o contrario, que se produza nestas idades.

Se no centro tiveramos constancia de que se produzan situacións de acoso tomaríanse as seguintes medidas:

- notificar á dirección do centro ou ao titor/a a sospeita dunha situación de acoso.
- Reunirse a dirección do centro co titor/a así como coa xefatura do Departamento de Orientación para avaliar a situación e decidir que medidas tomar.
- En caso necesario, tomaranse medidas de urxencia para garantir a seguridade do alumno/a acosado/a (cambio de grupo, profesorado de reforzo...)
- Poderanse aplicar medidas disciplinarias cautelares para o agresor/a, seguindo o establecido nas NOFC.
- Trasládase a información ás familias e manteranse entrevistas con elas.
- Informarase da situación ao resto do profesorado e á inspección educativa.
- Realízanse actividades de reeducación co agresor/a e tamén co resto do alumnado; a través dos tutores/as.
- Reforzarase a autoestima da vítima, a través de intervencións realizadas polo Departamento de Orientación ou do titor/a.

- Realizaranse actividades coas familias(charlas, envío de documentación, proposta de realización de tarefas...), para que sexan conscientes da gravidade do acoso e para que nos fogares fomenten a “ non violencia”.

11. ACTIVIDADES

As actividades elixidas para incluír neste Plan de Convivencia, para mellorar a convivencia no centro e as relacións entre todos os membros da comunidade foron as que seguen:

1.- PRESENTACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia será presentado a toda a comunidade educativa. A comisión de convivencia elaborou borrador do Plan de Convivencia, que posteriormente foi enviado a todas as familias do centro, á ANPA e ao profesorado por email para que fixeran as oportunas modificacións ou aportacións ao mesmo.

Unha vez aprobado e presentado ao Consello Escolar, farase a súa difusión a través da páxina web, por email e poñendo unha copia en papel a disposición das familias na secretaría do centro.

2.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.

O Departamento de Orientación poderá elaborar un Programa de Habilidades Sociais adaptado á idade do alumnado da nosa escola para levar a cabo en colaboración coas titoras/es e o demais profesorado do centro. Implicarase tamén ás familias no coñecemento e aplicación destes programas.

3.- CONMEMORACIÓN DO DÍA PA PAZ.

Aproveitando que o día 30 de xaneiro celébrase o Día da Paz, levaranse a cabo diversas actividades que serán planificadas con antelación e coordinadas por unha persoa do centro.

4.- CONVERSAS REGULARES OU OCASIONAIS POR PARTE DO TITOR/A.

Cada titor desenvolverá conversas regulares ou ocasionais (cando xurda un conflito dentro a aula) co seu grupo de alumnos/as coa finalidade de fomentar valores democráticos de tolerancia, igualdade, xustiza, mellora da comunicación, ... e tratar de reducir, na medida do posible os conflitos.

12. NORMAS DE CONVIVENCIA

Nas NOFC(Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia) do noso centro establécense unhas normas de convivencia que favorecen as relacións entre os distintos membros da Comunidade Educativa; así como, os dereitos e os deberes dos diferentes sectores implicados (alumnado, profesorado e familias). Do mesmo xeito, tamén se establecen uns procedementos de actuación que serán os que se terán en conta no caso de producirse algunha incidencia.

Todos os membros da comunidade escolar teñen o dereito a participar no funcionamento do centro tal e como dispoñan as leis vixentes e o presente regulamento. Esta participación desenvolverase a través dos diferentes órganos de representación de cada estamento segundo estipulen os regulamentos ou leis que desenvolvan o funcionamento de ditos órganos.

A entrada e saída da escola realizarase pola parte posterior da escola coñecida como “pallette”. O alumnado que por calquera circunstancia teña que entrar ou saír do centro durante a mañá farao tamén por esta zona. Os alumnos/as entrarán e saíran sen empurrar nin correr.

Cando as familias incumpran o horario do centro, para vir traer ou buscar ao alumnado dende a escola realizaráselles unha amoestación verbal e se a falta continúa farase por escrito.

Cando o alumnado “moleste” no normal desenvolvemento das actividades do centro, levaranse a cabo actividades dende as titorías en colaboración co Departamento de Orientación para reeducar esas malas condutas. Se continúan manteranse reunións coa familia para levar a cabo accións conxuntas de reeducación de comportamento.

Se o alumnado comete agresións cara o profesorado ou aos compañeiros/as, realizaranse amoestacións verbais. Se continúan as agresións convocarase ás familias a unha reunión e se aínda así non é suficiente darase parte á inspección e a dirección procederá a aplicar as medidas correctivas necesarias. Cada vez que ocorra un incidente o docente que presencie o mesmo ou que sexa responsable nese momento do alumnado redactará un parte de incidencias e entregarao na dirección do centro.

As familias poderán ser convidadas a participar en todas as actividades que realice o centro, tanto en días normais como en días de celebracións ou conmemoracións.

O profesorado estará no centro para recibir ós alumnos/as, notificando á Xefatura con suficiente antelación os permisos que necesite, sexan por enfermidade, asuntos persoais.....No caso de imprevistos xustificaranse tan pronto se poida.

Todos os alumnos/as teñen os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades, sen discriminación por razón de sexo, raza, condicións, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas morais ou relixiosas ou discapacidades psíquicas ou físicas.

O exercicio dos deberes e dereitos dos alumnado realizarase no marco das atribucións conferidas polo Real Decreto de 5 de maio de 1995, no que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as así coma os normas de convivencia dos centros.

Os órganos de goberno do centro, no ámbito das súas competencias, velarán polo correcto exercicio de dereitos e deberes dos alumnos/as e garantirán a súa efectividade.

• Dereitos do alumnado:

- Terán dereito a recibir unha educación que asegure o desenvolvemento da súa personalidade.
- Teñen dereito a que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
- Coa finalidade de garantir o dereito a avaliación con criterios obxectivos, nas programacións estableceranse os criterios para a avaliación das aprendizaxes e as promocións dos alumnos/as.
- Coa mesma finalidade manterase unha comunicación fluída entre os titores, profesores e os pais/nais dos alumnos/as no relativo ás valoracións sobre o aproveitamento académico dos alumnos/as e a marcha do seu proceso de aprendizaxe, así como das decisións que se adopten como resultado de dito proceso.
- Os pais/nais dos alumnos/as poderán reclamar contra as decisións e calificacións que se adopten ao rematar o ciclo ou curso (debéndose basear a reclamación na inadecuación da proba proposta en relación cos obxectivos ou contidos da área e co nivel previsto na programación, ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos). O procedemento para as tramitacións das reclamacións e a decisión será adoptada pola Administración.

- Teñen dereito a recibir Orientación Escolar para o seu desenvolvemento académico, persoal e social .
- De xeito especial coidarase a Orientación Escolar do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas ou con carencias sociais ou culturais.)
- Teñen dereito a que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade.
- Os pais/nais elixirán no momento de formalizar a inscrición do alumno/a Relixión Católica ou alternativa a mesma. Tal opción pode ser modificada o longo da escolarización mediante comunicación escrita.
- Teñen dereito a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal. Non podendo ser obxecto en ningún caso de tratos humillantes.
- O centro gardará reserva sobre toda a información da que dispoña sobre as circunstancias persoais e familiares do alumno/a. Non obstante o centro comunicará á autoridade competente as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumno/a ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores.
- Teñen dereito á liberdade de expresión, sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen.
- Todos os alumnos/as teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Terán dereito á utilización axeitada das instalación e material do que dispón o centro.

• **Deberes do alumnado:**

- Coñecer e cumprir os dereitos e deberes dos alumnos/as.
- Entrar puntualmente á clase.
- Respetar as instalacións e mobiliario do centro e usalo para a finalidade propia das mesmas.
- Non deteriorar as dependencias do centro e contribuír a mantelo limpo.
- Respetar ós compañeiros/as e profesorado.
- Respetar o material dos compañeiros/as e non deterioralo.

- Non agredir, insultar nin humillar aos compañeiros/as.
- Respectar ao profesorado e realizar as tarefas que lles indiquen facer.

DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

○ **Dereitos do profesorado**

- Liberdade de cátedra.
- Participación na xestión e control do centro.
- Elixir e ser elixidos libremente para os diferentes cargos de xestión do centro ou para os órganos colexiados do mesmo.
- Que se lle respecten os seu dereitos sindicais.
- Convocar ás familias tanto colectiva como individualmente.
- Formular suxestións, peticións ou queixas ante os órganos de goberno.
- Ser informados de todo o concernente ó funcionamento do centro.
- Dereito a que a súa actividade docente se desenvolva nas condicións mínimas de seguridade e hixiene.

• **Deberes do profesorado**

- Coñecer e cumprir as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.
 - Honradez profesional e responsabilidade ante o feito educativo.
- Respectar a personalidade do neno/a, saber escoitalo, comprendelo e axudalo.
 - Non facer distinción entre os alumnos/as.
 - Preocuparse polas condicións sociais e familiares dos seus alumnos/as.
 - Coñecer as súas características psicolóxicas.
 - Acatar as decisións do Claustro.
 - Gardar segredo sobre os asuntos tratados nos claustros, nos Consellos Escolares, na Comisión de Convivencia e nas xuntas de avaliación diante de persoas alleas ao centro.

- Participar na organización do centro a través dos órganos correspondentes.
- Cooperar no mantemento do material e das instalacións.
- Colaborar na tarefa educativa e mantemento da orde do centro.
- Manter contactos periódicos e sistemáticos cos pais e convocalos cando as circunstancias o requiran.
- Recibir aos pais cando o soliciten dentro do horario establecido.
- Ter en conta as opinións e informacións que os pais nos proporcionen sobre os seus fillos para conseguir unha mellora no desenvolvemento do alumno.
- Respectar as decisións acordadas tanto no Claustro como no Consello escolar e nas sesións de avaliación.

DEREITOS E DEBERES DOS PAIS/NAIS

12.2.1. Dereitos dos pais/nais

- Ser informados do horario no que poden ser atendidos, tanto para asuntos académicos como de secretaría.
- Ser convocados a unha reunión, alomenos ao comezo de cada curso.
- Utilizar un espazo no centro para as reunións das súas asociacións (ANPA).
- Ser recibidos pola totalidade do profesorado do seu fillo, previo acordo con dito profesorado ou na hora de atención semanal.
- Ser informados do desenvolvemento do seu fillo/a.
- Participar na vida do centro nas condicións que estableza o presente regulamento.
- **Deberes dos pais ou titores legais**
 - Coñecer e cumprir o Regulamento de Réxime Interno.
 - Entrevistarse habitualmente cos mestres.
 - Atender ás citacións do colexio.

- Respetar aos profesores como profesionais da ensinanza e coordinarse con eles.
- Facilitar información relativa aos seus fillos.
- Facilitar aos seus fillos os medios para levar a cabo as actividades e tarefas que se lles indiquen.
- Vixiar e controlar as actividades dos seus fillos.
- Facilitar o cumprimento dos deberes dos fillos respecto ao centro.
- Distribuír o tempo libre e de lecer dos fillos de maneira axeitada
- Colaborar co profesorado cando se lle solicite axuda para mellorar aspectos tanto conductuais como académicos.

13. A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para a **difusión** do Plan levaranse a cabo actividades como a que representa en primeiro lugar no apartado de actividades. Serán actividades de presentación do Plan a todos os sectores da Comunidade Educativa.

A **avaliación** do Plan de Convivencia levarase a cabo a través de:

- Unha **avaliación continua** durante o seu desenvolvemento, de maneira que permita valorar o cumprimento dos obxectivos a curto prazo, modificar aspectos puntuais do programa que resulten inadecuados e analizar a situación da convivencia no centro.

Como instrumentos empregaranse fundamentalmente a observación e as reunións da Comisión de Convivencia. Así e como establece o decreto 8/2015 a Comisión de Convivencia deberá reunirse a lo menos unha vez ao trimestre.

- Unha **avaliación final**, ao finalizar o curso, onde se analizarán de forma xeral os logros acadados e os aspectos estruturais que será preciso cambiar de cara ao futuro. Como instrumentos poderán empregarse a observación, cuestionarios, enquisas, reunións entre os distintos participantes e a última reunión da Comisión de Convivencia.
- Os **criterios de avaliación** serán:
 - Adecuación do Plan aos destinatarios/as.
 - Grao de consecucións dos obxectivos propostos.

- Adecuación da temporalización na que se levaron a cabo as actividades.
- Grao de implicación de todos/as os/as responsables no desenvolvemento das actividades.
- Grao de satisfacción dos implicados/as.

- APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PROXECTO.

O borrador do presente proxecto foi presentado ao Consello Escolar, ao Claustro e enviado ás familias do centro por email o martes 29 de xaneiro de 2019. Despois dun prazo de 10 días para alegacións foi aprobado polo Consello Escolar o martes 19 de febreiro ; como pode comprobarse nas respectivas actas.

A directora

Asdo: María Bustelo Miguéns